

ACTA Nº 17/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE ABRIL DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Arturo González Pérez.
D^a Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 6 de abril de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 16/09, do 30/03/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 50/09 – D.^a MARÍA DEL CARMEN CHAPELA MARTÍNEZ

presenta proxecto de reparación e conservación de cuberta en vivenda existente, de planta de semisoto, baixo, primeira e baixo cuberta, situada no barrio de Sabaceda nº 27, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo estudo Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P. –arq. Tec. D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 17.03.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza das obras de conservación en cuberta e vivenda definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sen incremento do valor de expropiación nin máis consolidación que o reforzo parcial cando as obras non están afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	81,21 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 53/09 – D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO presenta proxecto de reforma e ampliación de alpendre e cubrición de porche, sito no barrio de Palmás, núm. 198 – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Francisco Mallo Lagoa, visado na data 24.03.2009, con obxecto de legalizar o expte. nº 03/09 de reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REFORMA E AMPLIACIÓN DE ALPENDRE E CUBRICIÓN DE PORCHE

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza de acordo coas determinacións do proxecto.**

Non require informes sectoriais.

A petición formulada polo peticionario legaliza o expediente 03/09 de reposición da legalidade

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	441,26 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.C) EXPTE. 44/09 – D. MANUEL CRUZ GERMADE presenta proxecto de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita no lugar de Carrasqueira, nº 131, do barrio do Igrexario-Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 22.08.08.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 31 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza das obras definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa do Servizo Provincial de Estradas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na mellora para unha edificación en situación xenérica de fóra de ordenación e da conservación do uso preexistente segundo os criterios do epígrafe 2.3.5.3 (apartados 2 e 3) das NN.SS. de Planeamento Municipal.

Edificación en situación xenérica de fóra de ordenación.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	284,34 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.D) LICENZA DE OBRAS E PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN

EXPTE. 356/05 – D.ª MARÍA JOSÉ VERDEAL NOGUEIRA presenta proxecto modificado visado o 13.03.09 para a adición de soto para garaxe ao inicialmente presentado. Presenta tamén o proxecto de execución visado o 13.03.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 31 de marzo de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ADICIÓN DE SOTO E PRESENTACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza de soto de acordo coa documentación técnica presentada.**

Non require informes sectoriais.

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo9 o expediente 356/05 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle outorgou a licenza.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	274,56 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

Vistos os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

Segundo: Ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 356/05.

2.E) LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

Vistos o expediente instruído a instancia do interesado e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 52/09 – D. PASCUAL MARTÍNEZ MIRANDA presenta proxecto de acondicionamento de local para uso comercial sito na rúa Fragata Villa de Madrid, nº 7 – baixo, do barrio do Real, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 17.03.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A COMERCIO.

INFORME TÉCNICO:

Procede licenza urbanística de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL e licenza de actividade para COMERCIO en peza simultánea consonte determina o Artigo 196.2 da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Uso compatible cos determinados pola ordenación urbanística zonal.

O abeiro no disposto no Artigo 22.3 do decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e dado a que con arreglo o proxecto de obra presentado para o acondicionamento do inmueble destinado as características determinadas refrendadas pola ordenación de usos, débese conceder o permiso de obras se o outorgamento da licenza de apertura non resultase improcedente.

Ordease o arquivo provisional do expediente no servizo correspondente de aperturas en tanto non se resolva a licenza de apertura para o funcionamento da presente actividade.

Liquidación provisional de tributos

Imposto s/construción.....	494,53 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D. PASCUAL MARTÍNEZ MIRANDA para a actividade de COMERCIO.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A COMERCIO. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

3.- PARCELACIONES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

3.A) EXPTE. 54/09 – D. JOSÉ e D.^a PEREGRINA CASAS CABODEVILA presentan proxecto de parcelación de finca de 1.431 m² situada no lugar de Ameixoadá, nº 53 – San Martiño, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo estudo de arquitectura JH ARKMO – D. José Díaz de la Iglesia, visado o 24.03.2009.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 31 de marzo de 2009, que di:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza de parcelación.**

Finca matriz en solo urbano de Ordenanza 2 cuxa situación e resultado de parcelación se describe na documentación técnica visada polo COAG con data 24/03/2009.

Parcelas resultantes “A”, “B” e “C” de 405’00, 586’55 e 439’45 metros cadrados respectivamente que cumpren coas condicións de parcela mínima.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa parcelación..... 165,00€

3.B) EXPTE. 43/09 – D.^a MARÍA ASUNCIÓN ÁLVAREZ CALVAR presenta proxecto de parcelación de finca de 1.507’00 m2, situada no barrio de Verdeal, nº 136 – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., sendo os arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e Juan Antonio Fernández Martínez.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 3 de abril de 2009, que di:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza de parcelación** de acordo co proxecto presentado e visado polo COAG con data 30/03/2009..

Finca matriz de 1.507’0 M/2, deles 532,0 M/2 en solo rústico non divisilbe. As parcelas resultantes son a “1” e a “2” que contabilizan as superficies de 676,0 e 831,0 M/2 respectivamente que teñen a condición de parcelas mínimas para o solo urbano nas cales se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa parcelación..... 95,00€

4.- OBRAS MENORES: PECHE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 49/09, D. LUIS LEMOS MOLANES solicita licenza municipal de obra para construción de muro de peche de 20 ml por 2,00 m. de altura (40,m²), a lindantes, a situar no lugar de Refoxos, nº 177A, do barrio de Reibón-Meira, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de abril de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Non require informes sectoriais.

O enteste do muro coa vía pública non sobrepasará os 4,0 metros do eixo.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 31,30 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZAS DE APERTURA

5.A) EXPTE. 14/09 – EMBUTIDOS VALLERÓN, S.L.

Vista a instancia presentada o día 11 de marzo de 2009 por D. JOSÉ ANTONIO SILVA ALFONSO, como administrador de EMBUTIDOS VALLERÓ, S.L., na que expón que inicialmente figuraba a súa empresa a nome de O PALOMAR, C.B., a cal dispón de licenza municipal concedida en comisión de goberno do 22.04.91, e que con data 16.05.00 cedeu os seus dereitos a EMBUTIDOS VALLERÓN, S.L. continuando os mesmos socios, a mesma actividade e a mesma dirección, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 2 de abril de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 02.04.09, en relación coa solicitude presentada por EMBUTIDOS VALLERÓN, S.L. representada por D. José Antonio Silva Alfonso, na data do 11.03.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de CARNICERÍA-SALCHICHERÍA, sito na rúa Navas de Tolosa, nº 20, pertencente a O PALOMAR C.B., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de CARNICERÍA-SALCHICHERÍA, sito na rúa Navas de Tolosa, nº 20, pertencente a O PALOMAR C.B., pola **Comisión de Goberno de data do 22.04.1991**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CARNICERÍA-SALCHICHERÍA, sita na rúa Navas de Tolosa, nº 20 pertencente a O PALOMAR C.B., aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 22.04.1991**, a favor de EMBUTIDOS VALLERÓN, S.L.

5.B) EXPTE. 13/09 – D.^a SANDRA GARCÍA BLANCO

D.^a SANDRA GARCIA BLANCO, por instancia do 10 de marzo de 2009 expón que é a nova titular do establecemento situado no lugar de Palmas – Domaio, nº 74 de Moaña, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 23 de marzo de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 23.03.09, en relación coa solicitude presentada por Dna. Sandra García Blanco na data do 10.03.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de RESTAURANTE, sito na rúa Palmas nº 74 baixo - Domaio, pertencente a CASA CUNCHO VELLO, S.L., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de RESTAURANTE, sito na rúa Palmas nº 74 baixo - Domaio, pertencente a CASA CUNCHO VELLO, S.L., pola Xunta de Goberno Local de data 16.10.2002.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de RESTAURANTE, sita na rúa Palmas nº 74 baixo - Domaio, pertencente a CASA CUNCHO VELLO, S.L., aprobada pola Xunta de Goberno Local de data do 16.10.2002, a favor de D.^a SANDRA GARCÍA BLANCO.

5.C) EXPTE. 15/09 – AGRÍCOLA OTERO, C.B.

D.^a TERESA OTERO RIAL, como comunera de AGRÍCOLA OTERO, C.B. por instancia do 10 de marzo de 2009 expón que quere exercer a actividade de “ultramarinos en réxime de autoservizo” no local situado en Ribeira-Meira, que dispoñía de licenza a nome de OTEROS COMUNIDADE DE BENS, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 25 de marzo de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 25.03.09, en relación coa solicitude presentada por AGRÍCOLA OTERO, C.B. representada por Dna. Teresa Otero Rial, na data do 10.03.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de ULTRAMARINOS EN RÉXIME DE AUTOSERVIZO, sito na rúa Cadabón, nº 47 Meira, pertencente a Oteros Comunidade de Bens, S.L., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de ULTRAMARINOS EN RÉXIME DE AUTOSERVIZO, sito na

rúa Cadabón, nº 47 Meira, pertencente a Oteros Comunidade de Bens, S.L., pola Comisión de Goberno de data do 09.04.1990.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de ULTRAMARINOS EN RÉXIME DE AUTOSERVIZO, sita na rúa Cadabón, nº 47 Meira, pertencente a Oteros Comunidade de Bens, S.L., aprobada pola Comisión de Goberno de data 09.04.1990, a favor de AGRÍCOLA OTERO, C.B.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da instalación nº de expediente IN407A 2009/210-4 solicitado por Unión Fenosa Distribución, S.A. para o que achega o proxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 31 de marzo de 2009, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Consellería de Innovación e Industria sobre a instalación denominada CT O REAL, Nº de expediente IN/407A 2009/210-4, solicitada por Unión Fenosa Distribución, S.A., este Concello de Moaña non interpón ningún considerando ante a aprobación do proxecto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Innovación e Industria.**

6.B) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da instalación nº de expediente IN407A 2009/226-4 solicitado por Unión Fenosa Distribución, S.A. para o que achega o proxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 31 de marzo de 2009, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Consellería de Innovación e Industria sobre a instalación denominada LMTS E CTC CAMPO DE GOLF DOMAIO Nº 2, Nº de expediente IN/407A 2009/226-4, solicitada por Unión Fenosa Distribución, S.A., este Concello de Moaña non interpón ningún considerando ante a aprobación do proxecto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Innovación e Industria.**

6.C) Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da instalación nº de expediente IN407A 2009/227-4 solicitado por Unión Fenosa Distribución, S.A. para o que achega o proxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 31 de marzo de 2009, que literalmente di:

En relación coa petición formulada pola Consellería de Innovación e Industria sobre a instalación denominada LMTS E CT CAMPO DE GOLF DOMAIO Nº 5, Nº de expediente IN/407A 2009/227-4, solicitada por Unión Fenosa Distribución, S.A., este Concello de Moaña non interpón ningún considerando ante a aprobación do proxecto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Innovación e Industria.**

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
	ELABORACIÓN E IMPRESIÓN DÍPTICOS – RÚA ALCALDE JOSÉ FANDIÑO	KOPIAK, S.L.	1110 22602 RC 585	160,00 €
SERVIZOS	Subministro e colocación de 6 unidades hixiénicas para baños Concello	INITIAL TEXTILES E HIGIENE, S.L.	1210 22611 RC 580	522,00 €
SERVIZOS	Reposición punto de luz na Rúa Ramón Cabanillas	CORUÑESA DE AFORRO ENERXÉTICO, S.L.U.	5110 21000 RC 578	1.604,57 €
ALCALDÍA	Publicidade en Páxinas Blancas	YELL PUBLICIDAD – PÁGINAS BLANCAS DE TELEFÓNICA DE PONTEVEDRA	1210 22602 RC 579	1.153,04 €
CULTURA	Material musical e de oficina para a Escola Municipal de Música.	Musical Vigo	4510 62500 RC 576	1.296,91 €
		KOPIAK, S.L.	4510 22000 RC 577	200,42 €
ALCALDÍA	Protector para radiadores ludoteca	TANGRAM – MATERIALES Y JUEGOS	3130 62500 RC 581	1.719,17 €

		DIDÁCTICOS, S.L.		
--	--	------------------	--	--

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

8.- ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS

8.A) A proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda autorizar e comprometer o gasto por un ramo de flores pola inauguración da rúa Alcalde Fandiño, a casa FLORISTERÍA ANAIS – Ana María Fervenza Boubeta, por un importe 30 euros, con cargo a partida 1110 22601 RC 583.

8.B) A proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda autorizar e comprometer o gasto por unha placa conmemorativa da apertura da rúa Fandiño, a MAIKEL & BEST – Israel Juncal Barros, por un importe 32,48 euros, con cargo a partida 1110 22601 RC 584.

9.- CAMPAÑA PRIMAVERA 2009 BALNEARIOS DIURNOS DO CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 6 de abril de 2009, conformado pola concelleira de servizos sociais, sobre a campaña de primavera do programa diurno de carácter lúdico para Balnearios, convenio Deputación provincial de Pontevedra-Concello de Moaña 2009, no que indica que o custo total que para o Concello lle suporá esta actividade é de 2.400€ e que cómpre enviarlle á Deputación o acordo de reserva; e propón aprobar a reserva de 75 prazas no balneario de Talaso Atlántico de Baiona para esta campaña e aprobar o gasto por 2.400 euros que supón as 75 prazas para o balneario do Talaso de Baiona a favor de Viaxes Iberia, S.A.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-22614.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a reserva e autorizar e dispoñer o gasto, por un importe de 2.400 € correspondentes as 75 plazas a favor da empresa VIAJES IBERIA, S.A., con cargo a partida 3130-22614 pola Campaña Primavera 2009 balnearios diurnos.

10.- GASTOS POR DESPRAZAMENTO E AXUDAS DE CUSTE DO CONCELEIRO DE TURISMO

Vistas as liquidacións presentadas das viaxes realizadas por D. Víctor Pastoriza Lino por asuntos municipais os días 12, 15, 16, 21, 29 e 30 de xaneiro de 2009, que suman un importe de 403,12 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a obriga dos gastos por desprazamentos e dietas do concelleiro de turismo D. VÍCTOR PASTORIZA LINO, por un importe total da operación de 403,12 euros, imputándoa ao RC nº 310, desglosando o importe total ás seguintes partidas:

Partida 1110-23000: 103,37 euros.

Partida 1110-23100: 299,75 euros.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

11.- AXUDAS SANITARIAS DE PERSOAL FUNCIONARIO

11.A) Por acordo da Xunta de Goberno Local do 01.12.08 autorizouse un gasto por importe de 670,50 euros en aplicación do regulamento de axudas sociais a persoal funcionario do Concello de Moaña a favor de D. Fernando Pérez Villaverde, quen o día 9 de marzo deste ano achega xustificante da adquisición de gafas por importe de 800,00 euros (625 € lentes e 175 € montura),

Visto o informe do interventor do 6 de abril de 2009, favorable para o recoñecemento da obriga por importe de 668,00 euros, contía menor ca autorizada en tanto xa hai xustificación do custe real da montura -cuxa porcentaxe de axuda é do 50%-,

Vista a existencia de crédito en cantidade suficiente e de natureza adecuada para a imputación do gasto que se detalla no presente informe,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 668,00 euros en concepto de axudas sanitarias a D.

Fernando Pérez Villaverde (580,50 euros de cristais e 87,5 de montura), con cargo á partida 1210.16203.

11.B) Por acordo da Xunta de Goberno Local do 01.12.08 autorizouse un gasto por importe de 500,00 euros en aplicación do regulamento de axudas sociais a persoal funcionario do Concello de Moaña a favor de D. José Rodríguez Veloso, quen achega xustificante da adquisición de gafas por importe de 514,02 euros (420,56 € lentes e 93,46 € montura),

Visto o informe do interventor do 6 de abril de 2009, favorable para o recoñecemento da obriga por importe de 467,29 euros, contía menor ca autorizada en tanto xa hai xustificación do custe real da montura -cuxa porcentaxe de axuda é do 50%-,

Vista a existencia de crédito en cantidade suficiente e de natureza adecuada para a imputación do gasto que se detalla no presente informe,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 467,00 euros en concepto de axudas sanitarias a D. José Rodríguez Veloso (420,56 euros de cristais e 93,43 de montura), con cargo á partida 1210.16203.

12.- GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POLICÍA LOCAL

Vistos os informes do sarxento-xefe da Policía Local do Concello de Moaña, de datas 23, 24, 26 e 28 de marzo de 2009, nos que se reflicten as horas extraordinarias realizadas polos policías locais, o día e o motivo que as xustificou, e vista a certificación de existencia de crédito presentada pola Intervención municipal.

AXENTE	Diurna		Nocturna		Festiva		SERVIZO REALIZADO	DATA	IMPORTE
	Hor as	Precio	Hor as	Precio	Hor as	Precio			
CASAS CURRO, Julio C.					5	19,99	Reforzo mercadillo	28-03-09	99,95€
PEREZ CARRERA, Benito					3	19,99	Manifestación	28/03/09	59,97 €
PEREZ SANTIAGO, José Manuel	3	13,33					Reforzo pleno	26/03/09	39,99 €

TOTAL . . .

Prezo das horas
extras.....

	13,33	16,66	19,99	199,91 €
--	-------	-------	-------	-----------	-----------------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as gratificacións extraordinarias á Policía Local recollidas na táboa por un importe de 199,91 €, con cargo á partida orzamentaria 2220 15101.

13.- RESUME DO PADRÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2009

Visto o padrón de auga e saneamento do 1º trimestre 2009, presentado por AQUALIA, por importe de 186.249,47 euros, a Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalo e que se expoña ao público polo periodo de tempo regulamentario.

14.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”.

Visto o *Plan de seguridade e saúde* presentado para a execución da obra “*Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña*”, expediente municipal nº 45/09.

Visto o informe favorable para a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde asinado polo coordinador de seguridade e saúde, D. Ángel Manuel Roncero Díez,, o 1 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”.

15.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS AS BARXAS-BERDUCEDO. MOAÑA”.

Visto o *Plan de seguridade e saúde* presentado para a execución da obra “*Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo. Moaña*”.

Visto o informe favorable para a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde asinado polo coordinador de seguridade e saúde, D. Ángel Manuel Roncero Díez,, o 27 de marzo de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS AS BARXAS-BERDUCEDO. MOAÑA”.

16.- “ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”

En data 23 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Humanización do Barrio de O Real (Moaña)” á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A., polo prezo de OITOCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (859.999,99 euros). (741.379,31 euros + 118.620,68 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 39.917,28 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 24 traballadores, contratación de novo persoal: 0 traballadores e un prazo de garantía de 3 anos (Total).

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 5 días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 37.068,97 euros. e no prazo de 5 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 2 de abril de 2009.

En data de 2 de abril de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 37.068,97 euros, como acredita mediante carta de pago nº 162 de 25 de marzo de 2009. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas ovrigas tributarias e recibo de pago do IAE.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Humanización do Barrio de O Real (Moaña)” á empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A., polo prezo de OITOCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (859.999,99 euros). (741.379,31 euros + 118.620,68 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 39.917,28 euros, sen IVE, adscripción de traballadores á obra: 24 traballadores, contratación de novo persoal: 0 traballadores e un prazo de garantía de 3 anos (Total).

SEGUNDO.- Requiritr do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes

CUARTO.- Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.”

17.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 2 de marzo ás 12:10 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 2 de abril de dous mil nove.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:10 horas, celébrase Mesa de Contratación da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Valentín Piñeiro González, Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino, representante do PSOE, D. José Fervenza Costas, representante do PP, D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Aparellador municipal, e D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor do Concello, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración do informe dos Servizos Técnicos sobre as ofertas presentadas. Á vista do informe do técnico municipal de data 2 de abril de 2009 que se recolle a continuación:

Valoración segundo os criterios de selección e valoración especificados no PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN NA CONTRATACIÓN :

EMPRESA	Melloras 3 pts.	Traballadores Nova contratación 2 pts.	Duración Novos contratos 2 pts.	Nº Traballador Adscritos 1 pts.	Prazo Execución 1 pts.	Prazo Garantía 1pts
Xestión ambiental	C bici. (29.890 €), 1,000 p. I. Parq. (7.600 €), 0,694 p. Barco. (3.080 €), 0,497 p.	7 traballadores 2 pts	6 meses 1 pts	21 traballadores 1,00 pts.	6 meses 1 pts.	60 meses 1 pts.
Total 8,19						
IBERSILVA	C bici. (11.915 €), 0,399 p. I. Parq. (4.119 €), 0,376 p. Barco. (6.200 €), 1 p.	7 traballadores 2 pts	8 meses 2 pts	24 traballadores 1,00 pts.	6 meses 1 pts.	24 meses 0,25 pts.
Total 8,02						
COVSA	C bici. (13.864,83€), 0,464 p. I. Parq. (10.954 €), 1 p. Barco. (0 €), 0 p.	2 traballadores 0,00 pts	7 meses 1,50 pts	24 traballadores 1,00 pts.	7 meses 0,86 pts.	12 meses 0 pts.
Total 4,82						

Á vista do citado informe de valoración, a Mesa, por maioría dos seus membros, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato por entender que no seu conxunto é a proposición máis vantaxosa á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

Proposición nº 2.- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.
Prezo.- 499.977,99 euros. (431.032,75 euros + 68.965,24 euros de IVE).
Melloras valoradas segundo a cláusula 13 dos pregos.- 56.002,83 euros, IVE incluído.
Adscripción de traballadores á obra: 21 traballadores.
Contratación de novo persoal: 7 traballadores (Contratos de seis meses de duración.)
Prazo de execución.- Seis meses.
Prazo de garantía.- 60 meses.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 12,20 horas.”

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)” á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., polo prezo de CATROCIENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SETE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (499.977,99 euros). (431.032,75 euros + 68.965,24 euros de IVE), un prazo de execución de 6 meses, as melloras recollidas na oferta por importe de 56.002,83 euros, IVE incluído, adscripción de traballadores á obra: 21 traballadores, contratación de novo persoal: 7 traballadores, con contratos de seis meses de duración e un prazo de garantía de 60 meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 499.977,99 euros con cargo á partida 4320.60118 do orzamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos 5 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 21.551,64 euros e se lle cite para que nos 5 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante aporte a documentación requirida no apartado 19.1 dos pregos sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houbese presentado ca oferta. Asemesmo deberá aportar documentación prevista na cláusula 19.4 sobre adscripción de medios e contratos de traballo. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

18.- CERTIFICACIÓN Nº UN - PARCIAL DA OBRA “ACCESOS Á ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”.

Dáse conta da certificación nº 1 – parcial da obra “ACCESOS Á ZONA INDUSTRIAL DO COCHO”, presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS,

S.L., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, polo importe de 80.000,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 4 de abril de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar a certificación nº 1- parcial da obra “Accesos á zona industrial do Cocho”, de data 28 de febreiro de 2009, polo importe de 80.000,00 €.

Terceiro: Aprobar a factura nº 19/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 28 de febreiro de 2009, polo importe de 80.000,00 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61115.

Cuarto: Requirirle á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L., segundo o estipulado no artigo 25.1. do prego das cláusulas administrativas particulares, para que se faga cargo do custe da publicación dos anuncios oficiais.

Quinto: Remitirle o acordo á Consellería de Innovación e Industria para a provisión de fondos.

19.- CERTIFICACIÓN Nº CATRO DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO-314 (AVDA. DANIEL CASTELAO -MOAÑA).

Dáse conta da certificación nº 4 da obra “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO-314 (AVDA. DANIEL CASTELAO-MOAÑA)” presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinada polo director de obra D. Juan Fernández Rivas, polo importe de 69.386,88 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 4 parcial da obra “Mellora da Seguridade Vial na PO-314 (Avda. Daniel Castelao – Moaña), polo importe de 69.386,88 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 164/08, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 19 de decembro de 2008, polo importe de 69.386,88 mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos, e así recoñecer a obriga con cargo á partida 5110.61119.

Terceiro: Remitirle o acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a provisión de fondos.

20.- CERTIFICACIÓN Nº CINCO DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO-314 (AVDA. DANIEL CASTELAO -MOAÑA).

Dáse conta da certificación nº 5 da obra “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO-314 (AVDA. DANIEL CASTELAO-MOAÑA)” presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinada polo director de obra D. Juan Fernández Rivas, polo importe de 47.244,04 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 5 parcial da obra “Mellora da Seguridade Vial na PO-314 (Avda. Daniel Castelao – Moaña), polo importe de 47.244,04 €.

Segundo: Aprobar a factura nº 09/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 30 de xaneiro de 2009, polo importe de 47.244,04 € e recoñecer a obriga con cargo á partida 5110.61119.

Terceiro: Remitirlle o acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para a provisión de fondos.

21.- XUSTIFICACIÓNS FINAIS COOPERACIÓN LOCAL 2008

21.A) PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL

Vista a proposta da Alcaldía do día 6 de abril de 2009, que textualmente di:

Rematado o pasado 29 de marzo de 2009 o servizo “**Programa de dinamización sociocultural**” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola técnica local de emprego e do contido na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2008, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación do servizo “**Programa de dinamización sociocultural**” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA PARA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS EN SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA
41.844,60	41.302,86	541,74

CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (Indemnización por cese)
624,83

TOTAL CUSTOS PROXECTO

41.927,69

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 28 de abril de 2009.

3º) Acordar que se devolva á Consellería de Traballo a cantidade de **541,74 euros**, correspondentes a subvención percibida e non gastada para a obra ou servizo “Programa de dinamización sociocultural”, no momento en que a citada cantidade sexa requirida pola Consellería de Traballo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía e así aprobar a xustificación-liquidación do servizo “**Programa de dinamización sociocultural**” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, tal e como se recolle na proposta, e autorizar e dispoñer a devolución á Consellería de Traballo das cantidades percibidas e non gastadas na súa execución e que ascende a contía de 541,74 euros.

21.B) PROGRAMA DE MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.

Vista a proposta da Alcaldía do día 3 de abril de 2009, que textualmente di:

Rematada o pasado 8 de marzo de 2009 a obra “**Mantemento e rexeneración de espazos naturais**” subvencionada dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola técnica local de emprego e do contido na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2008, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación da citada obra para enviar xustificación final da mesma á Consellería de Traballo.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación da obra “**Mantemento e rexeneración de espazos naturais**” subvencionada dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA PARA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS EN SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA
65.079,84	63.259,37	1.820,47

CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Plus Extrasalarial + I. Por cese)
--

6.166,35

TOTAL CUSTOS PROXECTO

69.425,72

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 7 de abril de 2009.

3º) Acordar que se devolva á Consellería de Traballo a cantidade de **1.820,47 euros**, correspondentes a subvención percibida e non gastada para a obra ou servizo “Mantemento e rexeneración de espazos naturais”, no momento en que a citada cantidade sexa requirida pola Consellería de Traballo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía e así aprobar a xustificación-liquidación do servizo **“Programa de mantemento e rexeneración de espazos naturais”** subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2008 do Concello de Moaña, tal e como se recolle na proposta, e autorizar e dispoñer a devolución á Consellería de Traballo das cantidades percibidas e non gastadas na súa execución e que ascende a contía de 1.820,47 euros.

22.- SOLICITUDE SEGUNDA ACTIVIDADE DUN TRABALLADOR DO CONCELLO.

O traballador do Concello, D. Telesforo Abal Juncal, oficial 1º carpinteiro dende o 23.08.05, solicita o cambio de posto de traballo por razóns que expón no seu escrito e acompaña informe da Mutua.

Vista a notificación de resolución remitida polo INSS e a nova documentación achegada polo traballador o día 26 de marzo de 2009,

Visto o informe do secretario sobre a solicitude de segunda actividade formulada, no que conclúe que se deben cumprimentar os requisitos que figuran no convenio e que deberá habilitarse unha praza coas características reseñadas –similares retribucións, categoría... – no caso de non haber vacante, mediante a oportuna modificación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo existente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude de D. Telesforo Abal Juncal, e habilitar unha praza de oficial 1ª mantemento para segunda actividade.

23.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe do 4 de abril de 2009 da traballadora social do Concello sobre variacións no servizo de axuda no fogar con cargo á Lei de Dependencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a alta no SAF de D.ª Carmen Silva Martínez a partir do día 1 de abril, 30 horas/mes, cunha achega da interesada de 30 €/mes.

Segundo: Notificarlle o acordo ao departamento de Recadación.

24.- SOLICITUDE DE BAIXA NO CURSO DE PINTURA

D. Silveiro Feijoo Salgado expón, por instancia de entrada no Concello o día 31 de marzo de 2009, que a alumna Alba Feijoo Alonso non pode asistir ao curso de pintura no 3er. trimestre por motivos familiares, e solicita que a dean de baixa do curso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa no terceiro trimestre do curso de pintura a Alba Feijoo Alonso.

25.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

25.A) APROBACIÓN DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO.

Visto o informe do 6 de abril de 2009 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica que todas cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

Primeiro: Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- D. Gabriel Ferverza Mateo.
- D^a. Julia Martínez Paz.
- D.^a María González Veiga.
- D. Manuel Benito Martínez Costa
- D.^a Rosa Giráldez Durán
- D. José Macenlle Jáuregui

Segundo: Aprobar a tarifa reducida do 1% a D. Enrique Iglesias Avendaño.

Terceiro: Notificarlle o acordo a Aqualia.

25.B) Visto o informe da traballadora social do Concello do 6 de abril de 2009 en relación á solicitude de tarifa reducida do servizo de augas e depuración,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude feita por D. José Martínez García por ter presentada a solicitude fóra do prazo establecido na ordenanza municipal reguladora, tal e como recolle o informe da traballadora social.

26.- VADOS

26.A) SOLICITUDE DE D. MANUEL ABAL SANTOMÉ

D. MANUEL ABAL SANTOMÉ presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Barxas, 35, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 92,81 euros (77,81 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 14 de novembro de 2008, onde di:

“Trátase dun garaxe familiar, de dúas (2) prazas, cun ancho de acceso e saída de 4,15 metros, e un rebaixe no bordillo da beirarrúa de 4,60 metros de ancho. Non hai inconveniente en acceder ó solicitado”.

Visto o informe do inspector de obras do día 18 de novembro de 2008 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. MANUEL ABAL SANTOMÉ, cunha entrada de 4,15 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 92,81 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

26.B) SOLICITUDE DE MADEIRAS CASQUEIRO

En nome de MADEIRAS CASQUEIRO preséntase instancia na que se solicita un vado permanente na rúa Concepción Arenal, 28, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 71,25 euros (56,25 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 26 de xaneiro de 2000, onde di:

“o portal ten un ancho de 2,8 metros e que sería necesario pintar unha liña amarela de 3 m. para garantir o acceso. Que dende o punto de vista do tráfico non hai inconvenientes para a súa concesión”.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal do día 28 de xaneiro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por MADERAS CASQUEIRO, cunha entrada de 2,80 metros e pintado de liña amarela de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 71,25 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

27.- PLAN DE OCUPACION CON SERVICIOS DE TEMPORADA DURANTE O ANO 2009

Visto o Plan elaborado de acordo coas solicitudes feitas polos interesados

Solicitante	Instalación e establecemento	Ubicación	Superficie m/2
Antonio Xose Abuin Escaloni	Terraza-Cafetería Fox	C. Arenal,196	15

Ana Maria Rodríguez Pazos	Terraza-Cafetería Orensana	C. Arenal, 120	24
Yolanda Santiago Perez	Terraza-Bar Canario	Samertolameu	10
Nomi y Moi CB	Terraza-Cafetería Vaticano	C. arenal,110	15
Jose Antonio Verde Vieira	Terraza-Cafetería Cofradía Pescadores	C. Arenal	20
Pablo Martinez Alvarez	Quiosco sandías	C. Arenal	7
Melania Pena Sequeiros	Terraza-Cafetería Xardin	C. Arenal, 50	6
Magdalena Campos Santiago	Chiringuito	Xunqueira	20 chiringo 30 terraza
Juan Maya Cancelas	Chiringuito	Xunqueira-Samertolameu	12 chiringo 30 terraza

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o Plan elaborado e remitase o Servicio Provincial de Costas de Pontevedra para a súa aprobación definitiva.

28.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MARIO GARCÍA CORTEGOSO	Auga, usos domésticos.	O Rosal, 60 – portal nº 1 – duplex D	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
ROSA ANA PENA VILLAVERDE	Auga, usos doméstico	Plan parcial O Rosal Sur, parcela 36 – pol. II	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia
ALFONSO CALVAR SANTOS	Auga, usos domésticos.	O Rosal, polígono 2, ed. Poza da Moura, portal 1 – 4º F	Conexión auga 60 € Fianza 20 €	Aqualia

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.